


SOSTEMOS O PRESENTE



CAMBIEMOS O FUTURO

#IGUALDADE #LIBERDADE #FEMINISMO



www.bng.gal

Este 8 de marzo de 2021 as mulleres facemos folga na Galiza porque se algo demostrou a pandemia da COVID-19 e esta crise é a importancia da nosa forza para soste o presente, mais tamén a profunda desigualdade do sistema económico e social, que debe ser contestado e transformado a través da mobilización e do feminismo.

A pandemia fixo visíbel o papel esencial das mulleres para o sostemento da vida e dos traballos esenciais para a sociedade. Estes empregos están ocupados maioritariamente por mulleres e son os máis precarios e invisibilizados, moitos deles mesmo sen cobertura legal. As caixeiros, as limpadoras, as traballadoras domésticas, as coidadoras de diferentes ámbitos, as sanitarias, etc foron visíbeis no comezo desta crise e aparentemente recoñecidas social e institucionalmente. Porén, un ano despois as súas condicións laborais, económicas e sociais non melloraron, senón ao contrario. Hoxe estes sectores sofren un maior impacto pola precariedade das súas condicións, a carencia dun sistema público de servizos básicos forte e a falta de medidas por parte da Xunta e do goberno central, que se poñen de perfil aliándose cun sistema patriarcal e inxusto.

Na Galiza pre-covid de hai un ano o feminismo galego tomaba as rúas baixo o lema “sen coidados non hai vida” e a pandemia demostrou o seu acerto. Un ano despois saímos ás rúas insistindo en que sen coidados non hai vida. Hoxe son máis as mulleres precarizadas e as que tiveron que asumir de balde traballos de coidado que deberan cubrir os servizos públicos. A actual crise ten un impacto enorme en sectores maioritariamente ocupados por mulleres (coidados, servizos, comercio, sanidade, alimentación...) e son tamén os que máis riscos asumen respecto da súa propia saúde pola falta de medidas. Así mesmo, a violencia machista segue presente e hai un enorme retroceso na súa visibilidade. Ademais, as restricións da actividade social dificultan aínda máis a ruptura coa espiral da violencia e o acceso a moitos servizos.

Cómpre dar desde o nacionalismo e o feminismo unha forte resposta a esta situación. Non permitiremos que a pandemia sexa a coartada para conxelar avances sociais nin para retroceder nos nosos dereitos. Esta crise non a imos pagar as mulleres.

**HOXE, AS QUE SOSTEMOS O PRESENTE IMOS SAÍR ÁS RÚAS
E FACER FOLGA PARA CAMBIAR O FUTURO,
PARA CONSTRUIR UN FUTURO DE
IGUALDADE, LIBERDADE E FEMINISMO.**



www.bng.gal